

1ª. Lee de con atención os seguintes documentos, analiza o seu contido e resposta argumentativamente (usando como exemplo os datos dos propios documentos) as cuestión que os seguen:

Docto 1: J .B. Bossuet, 1709, *A política nacida das Sagradas Escrituras*.

“... O poder real ten entre as súas mans todo o reino, de igual xeito que Deus ten entre as súas mans o mundo enteiro... Do gabinete de traballo do príncipe emanan as ordes que fan ir de concerto aos maxistrados, aos capitáns, aos cidadáns e aos soldados, ás provincias e aos exércitos por terra e mar. É a imaxe mesma de Deus que, sentado no seu trono no máis alto dos ceos, guía con man firme toda a natureza”.

Docto 2: J. Locke, *Dous tratados sobre o goberno civil* (adaptado de *Introdución ás ciencias políticas e socioloxía*, Xerais, 2000).

“Aínda que no estado de natureza o home é señor absoluto da súa persoa e dos seus bens en grao igual ao home máis grande e non está suxeito a ninguén, o seu disfrute é incerto e está moi exposto a ser atropelado polos demais... como a maior parte non observa estrictamente a equidade e a xustiza... Por iso están dispostos a abandonar unha condición de vida libre que está chea de sobresaltos e continuos perigos. Buscan saír dela e formar sociedades cos demais... para a mutua salvagarda das súas vidas, liberdades e bens... Formando un só corpo político no no que a maioría ten o dereito de rexer e obrigir aos demais”.

Docto 3: J.J. Rousseau, *O contrato social* (adaptado de *Introdución ás ciencias políticas e socioloxía*, Xerais, 2000).

“Como os homes só poden xuntar e dirixir as súas forzas non lles queda máis remedio para conservarse que formar unións sumándoas para actuar conxuntamente... Esa suma de forzas nace do concurso de moitos. Sendo a forza e a liberdade de cada home os primeiros instrumentos da súa conservación... deben atopar unha forma de asociación que defenda e protexa á persoa e aos bens de cada asociado de toda a forza común... sen deixar de ser tan libre coma antes. Polo contrato social cada un de nós pon en común a súa persoa e todo o seu poder baixo a suprema dirección da vontade xeral ”.

a) Describe os fundamentos ideolóxicos e as características dos sistemas políticos que defende cada autor. Explica en que estados europeos se desenvolveron durante os séculos XVII e XVIII.

2ª. Representa gráficamente a composición da sociedade europea do Antigo Réxime, describindo as funcións económicas e políticas e as condicións de vida de cada grupo social. Usa como exemplos os datos dos seguintes documentos.

Docto. 4: V. Alcalá Galiano (secretario da Sociedad económica de Segovia), *Defensa dos produtores fronte aos privilexios*.

“Quen ten máis dereito á estimación pública: un artesan honrado que gaña o pan que sustenta a súa familia ou un noble que o mellor que fai é vexetar, entregado a unha perpetua indolencia? ... Non estamos xa naqueles tempos nos cales a forza do brazo e o manexo da lanza e o cabalo decidían todos os pleitos, nos que era necesario que a nobreza non se dedicase ás ocupacións viles e mecánicas. No

presente as nacións máis industriosas son as máis valentes, por iso é forzoso que demos honras e exencións aos nosos fabricantes senon queremos depender do estranxeiro”.

Docto. 5: Campomanes, *Memorial Axustado*.

Os nosos políticos creron que a lexislación se ten que ocupar só de abaratar o gran e de favorecer ao consumidor. Se o labrador fose estranxeiro sería unha grande idea, pero pertencendo ao reino os labradores, a obriga de soste baixos os prezos do gran acaba provocando o estancamento da agricultura ó non deixar que estes alcancen o seu valor natural.

A verdadeira causa pola que non hai fábricas florecentes en España nace da tenacidade coa que se restrinxen a libre circulación dos produtos da agricultura e a súa xusta estimación, cousa que é causa do empobrecemento xeral.

3. Describe as causas da revolución francesa salientando as razóns do descontento social e as críticas dos ilustrados ao sistema político. Fundamenta a túa argumentación nos datos dos seguintes documentos.

Docto 6: Sieyès, *Que é o terceiro estado?*. (adaptado da versión en castelán dispoñible en <https://borisbarriosgonzalez.files.wordpress.com/2011/09/sieyes-que-es-el-tercer-estado.pdf>).

“.... Debemos responder a tres preguntas:

1. Que é o terceiro estado?. TODO: o terceiro estado é a nación completa.
2. Que representou ata agora na orde política? NADA.
3. Cales son as súas exixencias? CHEGAR A SER ALGO.

... Peticións do terceiro estado aos Estados Xerais:

Primeira: que os representantes do terceiro estado sexan elixidos só entre os cidadáns que pertencen de verdade ao 3º. estado.

Segunda: que o número dos seus deputados sexa igual ao dos dous ordes privilexiados.

Terceira e derradeira petición: que os representantes dos tres ordes nos Estados Xerais voten por cabeza e non por estamento.

Docto 7: Caderno de queixas do Terceiro Estado. Campesiños de Versalles.

1. Que todos os impostos sexan pagados polas tres ordes, sen ningunha excepción, cada un segundo as súas posibilidades económicas.
2. Que haxa unha única lei para todo o Reino.
3. Supresión total de tódalas taxas e impostos.
4. Exención de impostos para tódalas feiras e mercados, e abolición de tódalas peaxes.
5. Supresión de toda clase de dezmo en especie.
6. Destrución dos paxaros, que fan moito dano, tanto no tempo da sementeira como no da colleita.
7. Que os dereitos das propiedades sexan sagrados e inviolables.
8. Que se aplique a xustiza máis rapidamente e con menos parcialidade.
9. Abolición total das corveas, sexan da clase que sexan

4ª. Procura información na Rede sobre a importancia que tiveron estes *cahiers de doléances* como fonte documental para os historiadores (estandar XHB2.1.2).

5ª. Procura información no libro de texto e na Rede sobre as ideas políticas dos seguintes persoeiros e a súa actuación nas fases do proceso revolucionario francés.

Persoeiro	Filiación ideolóxica	Actuacións salientables
Abade Sieyès		
Danton		
Marat		
La Fayette		
Olimpia de Gouges		
Robespierre		
Talleyrand		

6. Lee de con atención os seguintes documentos, analiza o seu contido e resposta argumentativamente (usando como exemplo os datos dos propios documentos) as cuestión que os seguen:

Docto 8: Constitución de 1791.

Art. 1. A Soberanía é unha, indivisible, inalienable e imprescriptible. Pertence á Nación; ningunha sección do pobo, nin individuo algún pode atribuírse o seu exercicio.

Art. 2. A Nación, da que únicamente emanan todos os poderes, só pode exercelos por delegación. A Constitución francesa é representativa: os representantes son o Corpo lexislativo e o rei.

Art. 3. O poder lexislativo é delegado a unha asemblea nacional composta de representantes temporais, libremente elixidos polo pobo, para ser exercido por ela coa sanción do rei, da maneira que se determinará a continuación.

Art. 4. O goberno é monárquico: o poder executivo é delegado ao rei para ser exercido baixo a súa autoridade por ministros e outros axentes responsables da maneira que se determinará despois.

Art. 5. O poder xudicial é delegado aos xuíces elixidos por un tempo limitado polo pobo.

Docto 9: escolma de artigos da *Declaración de Dereitos da Muller e da Cidadá o Home e do Cidadá* redactada por Olympe de Gouges en 1789 para ser decretada por la Asamblea nacional).

Artículo 1º: La mujer nace libre y permanece igual al hombre en derechos, Las distinciones sociales sólo pueden estar fundadas en la utilidad común.

Artículo 2º: El objetivo de toda asociación política es la conservación de los derechos naturales e imprescriptibles de la Mujer y del Hombre; estos derechos son la libertad, la propiedad, la seguridad y, sobre todo, la resistencia a la opresión.

Artículo 3º: El principio de toda soberanía reside esencialmente en la Nación que no es más que la reunión de la Mujer y el Hombre: ningún cuerpo, ningún individuo, puede ejercer autoridad que no emane de ellos.

Artículo 4º: La libertad y la justicia consisten en devolver todo lo que pertenece a los otros; así, el ejercicio de los derechos naturales de la mujer sólo tiene por límites la tiranía perpetua que el hombre le opone; estos límites deben ser corregidos por las leyes de la naturaleza y de la razón.

Artículo 6º: La ley debe ser la expresión de la voluntad general; todas las Ciudadanas y Ciudadanos deben participar en su formación personalmente o por medio de sus representantes. Debe ser la misma para todos; todas las ciudadanas y todos los ciudadanos, por ser iguales a sus ojos, deben ser igualmente admisibles a todas las dignidades, puestos y empleos públicos, según sus capacidades y sin más distinción que la de sus virtudes y sus talentos...

- a) Que tipo de ideas defenden e cal foi o contexto histórico no que se produciron?
- b) Cales foron as consecuencias sociais e políticas dese proceso revolucionario para Francia e para Europa.
- c) Que cambio fundamental alicerzan as ideas desta autora para as sociedades contemporáneas.
- d) Correspondeuse o protagonismo das mulleres na revolución francesa coa súa marxinação política?

7ª. Explica as causas, os actores e os apoios externos no proceso independentista das 13 colonias británicas en América do Norte. Describe as características do sistema político resultante. Utiliza na túa argumentación os datos do seguinte documento.

Docto 10: Thomas Jefferson, Benjamin Franklin, John Adams, 1783, **Declaración de Independencia**.

Nosotros los representantes de los Estados Unidos de América, reunidos en Congreso general ... En el nombre y con el poder pleno del buen pueblo de estas colonias damos a conocer solemnemente y declaramos que estas colonias unidas son y por derecho han de ser Estados libres e independientes; que están exentas de todo deber de súbditos para con la Corona británica y que queda completamente rota toda conexión política entre ellas y el Estado de la Gran Bretaña, y que, como Estados libres e independientes, poseen pleno poder para hacer la guerra, concertar la paz, anudar relaciones comerciales y todos los demás actos y cosas que los Estados independientes pueden hacer por derecho. Y para robustecimiento de esta declaración, confiados a la protección de la Providencia divina, empeñamos nuestra vida, nuestra fortuna y nuestro sagrado honor.